Os concellos da Raia instan a Madrid e Lisboa e á Xunta á “reapertura urxente”de todos os pasos da fronteira para persoas traballadoras nun comunicado oficial

O AECT Rio Miño e os alcaldes e alcaldesas portugueses e da provincia de Pontevedra aprobaron onte nunha reunión extraordinaria convocada polo peche da fronteira de Portugal un comunicado que trasladarán aos Gobernos centrais de Madrid e Lisboa e á Xunta de Galicia para reclamar a reapertura urxente de todos os pasos para as persoas traballadoras cos controis necesarios.

No encontro participaron os alcaldes e alcaldesas do Agrupamento máis próximos á raia (Cerveira, Arcos de Valdedez, Camninha, Melgaço, Monçao, Ponte da Barca, Valença, A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salceda, Salvaterra, As Neves, Arbo, A Cañiza, e Ponteareas). Todos eles asinaron o documento e, segundo explica vicedirector do AECT e tamén deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, manifestaron a súa vontade de colaborar cos estados no que fose necesario mais advertiron que “se non se nos comprende, se non se nos atende como pasou a última vez en xuño, cando ao final se conseguiu abrir o resto dos pasos, emprenderemos mobilizacións porque entendemos que é algo xusto”.

Fala de “desgaste físico e psicolóxico” para o persoal laboral transfronteirizo e de alto impacto no profesional e económico

Benítez explica que a indignación é xeralizada e o consenso é absoluto para reivindicar a apertura de máis pasos transfronteirizos para as persoas traballadoras. “(Madrid e Lisboa) Teñen que entender a importancia da fronteira do Miño e visibilizar que o que está creando deixar un só pasona ponte Tui-Valença é un funil, creando filas quilométricas e trasladando o custe á cidadanía, gastando combustible e tempo nunha situación económica tan complexa”, insistiu o nacionalista.

Benítez afirma que as e os traballadores transfronteirizos, arredor duns 6.000 segundo os cálculos do AECT, viven unha situación “de desgaste físico e psicolóxico debido ás filas interminables e aos rodeos, cun impacto no día a día persoal e profesional, non tendo o mesmo rendimento produtivo”.

O 44% do tráfico de toda a fronteira no primeiro confinamento

No comunicado que se trasladará oficialmente aos gobernos centrais e á Xunta, sublíñase que durante o periodo do primeiro confiamento pola pandemia, a ponte internacional de Tui-Valença—a única aberta no territorio miñoto- concentrou preto do 44% do total da mobilidade entre España e Portugal, motivo que fixo que ámbolos dous estados recoñeceran a situación e, finalmente, reabriran as pontes de Tomiño-Cerveira, Salvaterra-Monçao e Arbo-Melgaço. “Neste segundo momento de peche de fronteiras é completamente incomprensible

non ter esta realidade en conta -insiste Benítez- e volver caer no erro inicial".

Insisten os concellos en que segundo os datos do Observatorio Transfronteirizo España-Portugal de 2019 (antes da COVID), dos 60 pasos existentes entre ambos países, os de Tui-Valença, Tomiño –Cerveira e Salvaterra-Monçao estaban xa entre os cinco con maiorfluxo de tráfico transfronteirizo, sumando máis do 55% do total entre Portugal e España, mesmo non habendo datos oficiais sobre a ponte internacional de Arbo.

O vicedirector do AECT Uxío Benítez tende a man aos estados para colaborar máis e advirte de mobilizacións para conseguir "o xusto"

O texto asinado polos concellos destaca tamén que os horarios de apertura parcial estipulados para Salvaterra e Monçao tampouco son útiles para o persoal laboral de ámbolos lados da fronteira, xa que traballan en turnos diferenciados, polo que se apela aos gobernos a habilitar en todos os pasos horarios verdadeiramente axeitados ás súas necesidades.

Finalmente, as alcaldesas e os alcaldes volven reivindicar aos gobernos español, portugués e galego a creación da tarxeta cidadá transfronteiriza para estas rexións de fronteira, así como a implementación dunha Intervención Territorial Integrada (ITI) para que o territorio do Miño sexa compensado con fondos europeos "por este segundo e duro golpe socioeconómico".

O AECT Río Miño urxe á Xunta que execute o acordo para activar a ‘tarxeta transfronteiriza’ ante o peche de Portugal

O Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza AECT Río Miño urxiu hoxe á Xunta -en boca do seu vicedirector e deputado Uxío Benítez- que execute o acordo do Parlamento galego para activar o a ‘tarxeta transfronteiriza’ que facilitará o paso da raia a todas as persoas que viven ou traballan a ambos lados do río.

O nacionalista lembrou que o Parlamento aprobou por unanimidade a proposición non de lei presentada polo grupo nacionalista en reunión do 11 de decembro da Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre a tarxeta transfronteiriza. Entón, a Xunta comprometeuse a impulsar entre os gobernos español e portugués o estudo de fórmulas como a do carné transfronteirizo para evitar os efectos negativos das limitacións de paso na fronteira por motivos de saúde pública. Nestes momentos, a pesares dese acordo, afirma Benítez, “non se coñecen pasos para facer diso unha realidade”.

O deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez subliña que a tarxeta transfronteiriza axilizaría a vixilancia policial e sanitaria.

O deputado puxo sobre a mesa que o carné cidadá transfronteirizo permitiría unha identificación áxil e rápida nos puntos de vixilancia policial e sanitaria existentes nas fronteiras e evitaría situacións como os do anterior confinamento, cando as persoas traballadoras dun e doutro lado da fronteira estaban obrigadas a pasar por un único punto, a ponte de Tui-Valença, onde se formaba un 'tapón' de vehículos con varias horas de espera.

Benítez insistiu, de feito, en que é preciso que se manteñan abertos os seis pasos da provincia con Portugal, pero "sempre con todos os controis necesarios e garantías de saúde, algo para o que a tarxeta transfronteiriza faría moito máis áxil".

"Non podemos vivir outra vez o doble impacto que padecemos entre os 17 de marzo e o mes de xuño coa fronteira pechada a cal e canto, ten que haber permeabilidade aínda que cos debidos controis. Non se pode complicar a vida á xente traballadora transfronteiriza", insistiu.

O deputado lembrou unha vez máis que a fronteira de Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente de toda a península, xa que con 70 quilómetros dos 1.200 entre España e Portugal –só o 5%- asume o paso do 50% dos vehículos. En calquera caso, recoñeceu que as relacións transfronteirizas no territorio están suspendidas case na súa totalidade neste momento, con Galiza tamén autoconfinada por municipios e sen circulación ata o 17 de febreiro excepto para causas imprescindibles e debidamente xustificadas.

O nacionalista reivindica fondos europeos como compensación ao dobre golpe socioeconómico da COVID para o territorio do Miño.

Reivindicou que, de cara á recuperación, "*despois da tormenta, a bonanza debe chegar para todos, e os condados fronteirizos e as súas poboacións deben ser considerados por ambos os Gobernos, para non volver caer no esquecemento* ".

Subliñou a necesidade de que os territorios transfronteirizos apliquen a figura de ITI -Intervención Territorial Integrada- para o período 2021-2027, co propósito de autorizar un programa de acción concertada para o próximo período de programación de fondos comunitarios. "*Os fondos europeos deben asignarse verdadeiramente como medida compensatoria a este dobre golpe socioeconómico que sente o territorio do Miño*", finalizou.

O AECT Río Miño advirte de que o peche de fronteiras de Portugal non debe repetir o

erro de dificultar a circulación de persoas traballadoras na Raia

O Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza AECT Río Miño advertiu hoxe, logo de que Portugal anunciase o seu peche de fronteiras con España, que non debe repetir o erro de limitar e dificultar o paso pola raia das persoas traballadoras como aconteceu tralo confinamento de marzo. Así o manifestou o vicedirector da entidade e deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación, Uxío Benítez, quen instou a manter abertos todos os pasos nas estradas, principalmente os das Eurocidades, coas medidas de control que sexan necesarias para facilitar a circulación das persoas que viven ou traballan a ambas marxes do río.

O vicedirector do agrupamento e deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez insta a manter todos os pasos de estradas abertos coas medidas de control necesarias

Benítez recoñeceu que a decisión adoptada polo goberno do peche de fronteiras de Portugal pon en alerta aos concellos do territorio transfronteirizo, que dende o 17 de marzo e ata o mes de xuño viron limitado o tránsito a un único paso, Tui-Valença, creando importantes problemáticas para as persoas traballadoras transfronteirizas. Indicou, de feito, que este novo paso supón un chanzo máis na improvisación das medidas adoptadas contra a COVID-19 mais subliñou que “agardamos que aprenderan algo da situación creada na fronteira a outra vez”, lembrando que alcaldes e alcaldesas chegaran a manifestarse en

varias ocasións.

Critica que a Xunta non tivera posto en marcha o carné transfronteirizo, xa que serviría para vixiar máis eficazmente o tránsito de persoas

Benítez tamén sinalou que a estas alturas da pandemia xa debería estar operativa a tarxeta de 'cidadanía transfronteiriza' para cando volvera haber unha situación coma esta. Lembrou que esa proposta do AECT fora levada ante o último Cumio Ibérico entre España e Portugal e tamén ante o Parlamento Galego, que a aprobou por unanimidade. "Ata o de agora a Xunta non fixo nada, e nestes momentos ese carné transfronteirizo serviría para vixiar máis eficazmente o tránsito de persoas na raia", destacou Benítez, polo que se reduciría o impacto do peche de fronteiras de Portugal.

O deputado lembrou unha vez máis que a fronteira de Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente de toda a península, xa que con 70 quilómetros dos 1.200 de toda a 'raia' entre España e Portugal, un 5%, asume o pasodo 50% dos vehículos.

A rapazada de Crecente coñece os `Tesouros Humanos Vivos´a través dos contacontos da deputación

Técnicas de pesca tradicional en torno á lamprea, características dos traballos artesanais, as variedades dialectais únicas na zona,os contos e lendas e mesmo as particularidades musicais, como as treboadas, que desde tempos inmemoriais se transmitían de xeración en xeración nos territorios transfronteirizos… foron hoxe protagonistas dos contacontos da Deputación, a través do departamento de Cooperación Transfronteiriza de Uxío Benítez, levou ao colexio Manuel Sieiro de Crecente grazas ao programa 'Tesouros Humanos Vivos'.

Os nenos e nenas do colexio Manuel Sieiro aprenderon hoxe con 'Polo Correo do Vento' técnicas de pesca da lamprea, traballos e músicas tradicionais e variedades dialectais da raia

A actividade foi desenvolvida por **Polo Correo do Vento**, a través das historias de Enrique Mauricio e os debuxos de Carlos Taboada, que fixeron gozar desta experiencia de contacontos ilustrados a 40 nenos e nenas de entre 6 e 11 anos coa compaña da música en directo de Antón Rey.



A rapazada, ademais de escoitar atentamente os relatos, participou activamente elaborando os seus propios debuxos e ilustracións que pasarán a decorar o centro educativo.

O programa destes contacontos da deputación está enmarcado dentro da iniciativa *Tesouros humanos vivos* un traballo de recuperación da memoria cultural galego-portuguesa no territorio do val do río Miño e busca dar a coñecer entre os máis novos, dun xeito lúdico e divertido, os saberes existentes a ambas beiras do río.

A actividade chegará tamén ao alumnado de A Guarda, O Rosal, As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui

O obxectivo da actividade – que se desenvolveu, como non podía ser doutro xeito, respectando as medidas sanitarias impostas polo coronavirus- é poñer en valor as biografías homenaxeadas e afondar na idea do río Miño como unión de cultura, cunha proposta na que os nenos e nenas interaccionan co conto e co debuxo.

A iniciativa continuará e que este mércores o seu percorrido no Colexio Padres Somascos da Guarda e no CPI Manuel Suárez Marquier de O Rosal. Na vindeira semana a actividade chegará aos colexios de As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui.



Trátase dunha actividade enmarcada no proxecto Tesouros Humanos Vivos do proxecto SmartMinho que desenvolve a Deputación de Pontevedra co cofinanciamento do 75 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional que busca documentar o noso patrimonio inmaterial e a súa posta en valor, así como a

súa transmisión ás novas xeracións evitando así a súa desaparición.

A Deputación leva un programa de contacontos sobre os ‘Tesouros humanos vivos’ do Miño ás escolas da Raia

A Deputación de Pontevedra, a través do departamento de Cooperación Transfronteiriza dirixido por Uxío Benítez, comezará a vindeira semana un programa contacontos sobre os ‘Tesouros humanos vivos’ do Miño dirixido ás escolas da raia. Alumnado de entre 6 e 11 anos de Arbo, Crecente, A Guarda, O Rosal, As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui gozará de varios espectáculos infantís ao abeiro da iniciativa de recuperación do patrimonio no marco do programa Smart Miño.

O CEIP Antonio Carpintero de Arbo e o Manuel Sieiro de Crecente acollerán o martes 26 a primeira das actividade de contacontos realizadas por Polo Correo do Vento. O mércores continuará o itinerario no Colexio Padres Somascos da Guarda e no CPI Manuel Suárez Marquier de O Rosal, e na vindeira semana a actividade chegará aos colexios de As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui.

O programa de contacontos está enmarcado dentro da iniciativa ‘Tesouros humanos vivos’, un traballo de recuperación e posta

en valor da memoria cultural galego-portuguesa no territorio do val do río Miño que busca dar a coñecer entre a rapazada, dun xeito lúdico e divertido, os saberes existentes a ambas beiras do río.

Segundo asegura o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, os contacontos buscan chegar á cativada miñota e aumentar os seus coñecementos sobre a cultura e patrimonio da zona, xa que a identidade que antes se transmitía de pais a fillos está agora en perigo por falta de relevo xeracional e tamén pola forma de vida actual. “Non podemos permitir que todo ese patrimonio intanxible se perda. Hai que facer pormanter ese saber nas familias e tamén nas escolas”, subliñou.

Alumnado de entre 6 e 11 anos de Arbo, Crecente, A Guarda, O Rosal, As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui gozará dos contacontos grazas á iniciativa de recuperación do patrimonio do Smart Miño

Coñecementos como as técnicas de pesca tradicional, os traballos artesanais, os contos e lendas e mesmo as variedades dialectais que desde tempos inmemoriais se transmitían de xeración en xeración, serán algúns dos asuntos que se aborden nestes contacontos ilustrados.

O colectivo Polo Correo do Vento será o encargado de realizar esta actividade mesturando a narración oral e a ilustración. Enrique Mauricio relatará distintas biografías dos Tesouros Humanos centrándose no lugar no que se realiza o contacontos ao tempo que Carlos Taboada realiza un mural relacionado coa historia.

O obxectivo da actividade é poñer en valor as biografías homenaxeadas e afondar na idea do río Miño como unión de cultura, cunha proposta na que os nenos e nenas interaccionan co conto e co debuxo.

Esta iniciativa estaba previsto que se desenvolveseno curso pasado, sendo finalmente adiada debido a suspensión das clases por mor da pandemia da Covid-19. Retómanse agora estas actividades que se realizarán nas escolas na última semana de xaneiro e primeira de febreiro, respectando as medidas sanitarias impostas polo coronavirus. Estaba previsto ademais que os contacontos se achegaran a diferentes localidades portuguesas da raia, quedando pendente a súa realización para próximas datas.

Trátase dunha actividade enmarcada no proxecto Tesouros Humanos Vivos do proxecto SmartMinho que desenvolve a Deputación de Pontevedra co cofinanciamento do 75 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional que busca documentar o noso patrimonio inmaterial e a súa posta en valor, así como a súa transmisión ás novas xeracións evitando así a súa desaparición.Para iso realizouse un traballo de campo de máis dun ano xunto coa asociación Ponte… nas Ondas! que entrevistou ao redor de 15 persoas do territorio miñoto galego portugués, a maioría delas de máis de 70 anos, e nun dos casos chegando ata os 99. As entrevistas foron gravadas e documentadas e estarán á disposición de todo o mundo no canal de youtube do smartminho así como nas diferentes redes sociais do proxecto para garantir a súa divulgación e transmisión.

Na mesma liña está prevista a edición dun libro infantil neste primeiro trimestre do ano para promover este coñecemento.

O AECT Río Miño priorizará as actuacións canceladas pola COVID-19 no seu plan de actividades para 2021

A asamblea xeral aprobou un investimento de 377.700 euros. Destacou o programa de bicicletas transfronteirizas e o segundo foro cultural Culturminho como as iniciativas máis próximas.

A asemblea xeral da Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño, AECT Río Miño, celebrou este martes a súa asemblea xeral na que aprobou o plano de actividades e orzamento para 2021, cun investimento global de 377.700 euros cofinanciado en parte polo Programa Interreg V A.

No 2021, o AECT Río Miño priorizará a execución de actividades non realizadas no pasado exercicio pola crise da Covid-19 que obrigou ao cancelamento ou adiamento de diversas acción relacionadas coa execución dos proxectos Smart Minho e Visit Río Minho cofinanciados polo programa Interreg V A.

Destacan, como actividades máis relevantes a realizar nos vindeiros meses, avanzar na implantación do proxecto piloto de mobilizade Bike Sharing Río Minho, xa en marcha, que ten como obxectivo aplicar un sistema de xestión compartido de bicicletas eléctricas entre seis núcleos urbanos de elevada mobilidade e ligados á rede transfronteiriza de sendeiros verdes do Río Miño.

Tamén no ámbito do Smart Minho, a realización de accións de

promoción do patrimonio cultural como o II Foro Cultural Culturminho, que contempla a organización de sesións de capacitación, formación e animación de asociacións transfronteirizas co obxectivo de mobilizar os axentes culturais do territorio para a xeración de proxectos transfronteirizos.

Accións de desenvolvemento sustentable

Valorarase ademais a posta en marcha de diferentes accións que promovan o desenvolvemento sustentable e a cohesión do territorio a través de diversas actividades de valorización do patrimonio cultural inmaterial, promovido e recoñecido pola UNESCO, neste caso enmarcadas dentro do programa Interreg SUDOE da candidatura Livhes, da cal forma parte o AECT Río Minho.

Outros dos proxectos a valorar será o acompañamento no proceso da candidatura ‘A pesca nas pesqueiras do Río Miño’.

Unha iniciativa que pretende reforzar a conciencia de que o patrimonio asociado a esta tradición é un dos máis ricos representantes da herdanza patrimonial que relaciona a cultural material á cultura inmaterial e natural do Río Miño.

Na asamblea xeral celebrada hoxe –que finalmente desenvolveuse en formato telemático- estiveron presentes o deputado de Cooperación Transfronteiriza e vicedirector da entidade Uxío Benítez, o director Fernando Nogueira, así como o alcalde do Concello Tui, Enrique Cabaleiro González; o do Concello da Garda, Antonio Lomba Baz; de As Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez; de A Cañiza , Luis Gómez Piña; así como as alcaldesas Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra e Tomiño: Eva García de la Torre, Ánxela Fernández Callís, María Dolores

Castiñeira Alén, Marta Valcárcel Gómez, e Sandra González Álvarez, respectivamente.

O AECT Río Miño é un instrumento de cooperación con personalidade xurídica propia constituído en febreiro de 2018 pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e pola Deputación Provincial de Pontevedra, con vistas a promover a cooperación territorial transfronteiriza.

O AECT Rio Minho busca unificar os criterios da Xunta e o goberno portugués para actuar no espazo ‘Rede Natura 2000′ do río Miño

Por que na beira portuguesa do río Miño as ecopistas están feitas de formigón e no lado galego só poden ser de xabre? Por que nunha beira hai control de aves protexidas ou de especies invasoras e na outra non? Por que un lado pode tomar auga do río para as explotacións agrícolas e o outro non? Por que nun lado se permiten recheos e no outro non? Por que dun lado se permiten actividades culturais e no outro non?

Todas estas cuestións son as que o AECT Rio Minho quere abordar coa Xunta de Galicia e os gobernos español e portugués co fin de unificar os criterios de actuación e protección do río Miño nun Plan de Xestión Transfronteirizo (PXT) común e coordinado. Para acadar este obxectivo, o AECT acaba de ver

aprobada unha nova candidatura ao programa B-Solutions da Comisión Europea que permitirá que expertos asesores e consultores da UE *poñan a falar* ás administracións e resolvan os problemas xurídicos que na práctica fan que o río Miño sexa tratado de dous xeitos diferentes no lado galego e no portugués.

Uxío Benítez urxe implantar un Plan de Xestión Transfronteirizo para a Rede Natura 2000 do rio Miño que remate coas diferentes interpretacións da normativa europea

Segundo explica o deputado de Cooperación Transfronteiriza e vicedirector do AECT, Uxío Benítez, o río Miño é un espazo de protección ecolóxica de ámbito europeo grazas á Rede Natura 2000 do rio Miño que se rexe por unha normativa europea única para todos os países membros. Sen embargo, no caso do Miño son varias as administracións (galega, española e portuguesa) que deben interpretar esa lexislación europea de protección o que, na práctica, deriva en criterios diferentes que xeran disfuncións por autorizacións máis ou menos permisivas segundo o caso.

> *"Non se entende a diferenza de criterios de protección entre una e outra beira do río para a Rede Natura 2000 do rio Miño, pero isto si ocorre. Desde o AECT queremos unha xestión xusta e coordenada do espazo fluvial natural transfronterizo, onde as barreiras políticas e administrativas nunca estean por riba do sentido común", subliña Benítez.*

O deputado lembra que calquera actuación dunhamarxe repercute na outra e que a disparidade actual de criterios está a crear problemas ambientais e socioeconómicos co río de fondo. “Temos un espazo de grande valor identitario, cunha protección máxima polasúasingularidade en canto á paisaxe, á flora e á fauna, que podemos desenvolver co ecoturismo. O río é estratéxico para o desenvolvemento de toda a área transfronteiriza e hai que coidalo con criterios coordinados”, insiste o nacionalista.

Axentes políticos, económicos e sociais

Con ese obxectivo, o AECT acaba de ver aprobado o proxecto ‘Minho River Nature 2000– Boosting Cross–Border Multi-level Governance- Natureza do río Minho 2000– Impulso da gobernanza multinivel transfronteiriza’, que se presentou hai meses como candidatura do AECT Rio Miño ao programa B-Solutions da Comisión Europea.

Coa aprobación deste proxecto a Comisión Europea (DG Regio) porá a disposición do AECT do Rio Miño unha persoa experta para asesorar na formulación de propostas ás administracións galegas, españolas e portuguesas competentes e concorrentes no territorio do val transfronteirizo do río Miño co fin de superar os obstáculos que actualmente impiden a planificación conxunta.

O Plan de Xestión Transfronteiriza do Río Miño-Rede Natura deberá acadar obxectivos a curto, medio e longo prazo, contando coa participación de entidades portuguesas e galegas, desde a administración e o mundo académico ata particulares e organizacións de toma de decisións, en forma de proxectos conxuntos que fomenten a conservación dos valores á vez que catalizan a súa valorización social e económica.

A Comisión Europea vén de aprobar un proxecto para que expertos da UE realicen funcións de asesoramento e mediación

Destexeito, márcase como tarefas a curto prazo a constitución dun grupo de traballo responsable da preparación do PXT e a coordinación xeral de accións e proxectos específicos; o desenvolvemento e implementación de plans de acción transfronteirizos para hábitats e especies máis vulnerables ás presións ambientaisa ctuais, emerxentes ou futuras; o desenvolvemento de cartografía detallada e harmonizada de valores e unidades xestión en toda a área Natura 2000; e a adopción de obxectivos comúns de xestión, a identificación de conflitos e harmonización da normativa, principalmente.

Neste contexto, o marco institucional para apoiar a implementación do plan de xestióntrans fronteirizo da Rede Natura 2000 poderá implicar non só a entidades asociadas á administración pública central, nacional e local de Portugal e España (Instituto Conservação da Natureza e Floestas – ICNF -; Axencia Portuguesa de Medio Ambiente – APA; Confederación Hidrográfica do Miño-SIL – CHMS-; Xunta Galicia), senón tamén ao ámbito académico, organizacións non gobernamentais para o medio ambiente (ONG), o tecido empresarial local, asociacións e cooperativas de desenvolvemento local e todas as persoas cuxo interese e habilidades poden contribuír activamente á sustentabilidade do sistema.

Tamén será importante asociar esta iniciativa coa estratexia rexional da paisaxe de Galicia e a súa relación coa estratexia da paisaxe de Portugal, cuxo alcance e visión de mellora da paisaxe son moi diferentes, dando lugar a oportunidades de replicar a estratexia galega no lado do val do Miño portugués.

O AECT Rio Minho fai frente conxunto contra unha posible mina de litio na Serra d’Arga en Portugal

O AECT Río Minho vén de posicionarse claramente en contra do aproveitamento por parte do goberno portugués dunha posible mina de litio na Serra da Arga, no territorio do Alto Miño luso. Así o manifestou o deputado e vicedirector do agrupamento, Uxío Benítez, logo de manter un encontro co Movemento SOS Serra d’Arga.

Benítez destacou que o AECT vai artellar un posicionamento transfronteirizo conxunto, xa que os recursos da zona, aínda estando en territorio administrativo portugués, son comúns ao Baixo Miño galego. “Estaremos vixiantes ante as posibles afeccións no río, no territorio, nos recursos naturais da zona e na calidade da auga. Antes o Miño era un lugar que parecía que non era de ninguén, nin o defendían dun lado nin doutro, pero agora existe o AECT e imos defendelo conxuntamente os concellos galegos e as cámaras portuguesas”, subliñou.

Facendo súas as palabras do director e presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira Fernando Nogueira, Benítez subliñou que “non hai fronteiras na protección do medio ambiente na defensa dun patrimonio común que é o río Miño”. Afirmou que os problemas ambientais que afectan ao río son

comúns no Alto Minho portugués e no Baixo Miño galego e que “sobre a mesa hai unha causa xusta, porque a defensa da Serra d’Arga xunto coa veciñanza portuguesa é a defensa do patrimonio común do Val do Miño ”.

A directiva reuniuse co movemento SOS Serra d’Arga e subliñou que estará vixiante ante as posibles afeccións ao río e ao territorio

Estas declaracións foron realizadas logo de manter un encontro co Movemento SOS Serra d’Argaen Vila Nova de Cerveira, no que o colectivo ambientalista solicitou a intervención do AECT na sensibilización de alcaldes e movementos asociativos a favor dunha defensa consensuada do territorio común da Serra d’Arga, no ámbito do proceso de minería de litio.

Enmarcado no conxunto de reunións mantidas cos concellos do Alto Minho que integran o perímetro da Serra d’Arga, este encontro transfronteirizo buscou potenciar a importancia da conca do río Minho. Non obstante, desde agosto, o Movemento SOS Serra d’Arga promove tamén contactos directos con diversas asociacións galegas, co fin de esbozar accións de sensibilización e chamamento popular á implicación nunha causa común.

A representante do Movemento SOS Serra d’Arga, Ludovina Sousa, reafirmou que “co río Minho como enlace, este encontro tiña como obxectivo sensibilizar á entidade transfronteiriza sobre os posibles e prexudiciais impactos nas augas internacionais do río Miño, se o o proxecto mineiro do goberno portugués ten lugar nesta rexión do Alto Miño ”.

O deputado Uxío Benítez destaca que o AECT defenderá un posicionamento transfronteirizo xa que os recursos da zona son conxuntos ao Baixo Miño galego e o Alto Miño portugués

Ao remate da reunión, a AECT Río Minho comprometeuse a tomar unha posición de consenso coas xa coñecidas por todos os alcaldes de ambas as beiras do río e das asociacións para a defensa do medio ambiente respecto á mina de litio, plasmado en iniciativas conxuntas coa participación da cidadanía.

É preciso lembrar que nestes momentos está en marcha a creación da Área de Paisaxe Rexional Protexida Serra d'Arga, aprobada polos catro concellos portugueses (Vila Nova de Cerveira, Caminha, Viana do Castelo e Ponte de Lima), sendo o seguinte paso a constitución dunha asociación de municipios con fins específicos para garantir a súa xestión. Este proxecto contribuirá á conservación da natureza e da biodiversidade presente nos montes e, polo tanto, no noroeste peninsular, coa perspectiva de promover condicións que permitan o desenvolvemento socioeconómico sostible da zona, con beneficios para as comunidades locais e a exploración. dende o punto de vista do turismo, a educación e a sensibilización ambiental.

O AECT Rio Minho pon en marcha un proxecto piloto de

bicis transfronteirizas nas eurocidades do Miño

O AECT Rio Minho presentou hoxe o proxecto piloto de **bicis transfronteirizas** para que as Eurocidades do Miño dispoñan dun servizo de préstamo de bicicletas eléctricas que permita á cidadanía cruzar libremente a un lado e outro da fronteira. Segundo explicou o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, trátase dunha iniciativa de 'bikesharing' pioneira na fronteira ibérica para potenciar a mobilidade suave, ou o que é o mesmo, o uso alternativo aos vehículos a motor.

Segundo explicou Benítez, este sistema de xestión compartida para bicicletas eléctricas centrarase nos seis núcleos urbanos de elevada mobilidade que son as tres eurocidades do Miño, e estará ligadoá rede transfronteiriza de rutas, sendas e ecopistasdo río Miño transfronteirizo. Apuntou que a iniciativa enmárcase dentro do Plan de Mobilidade Sustentable Transfronteiriza (PMST), promovido pola Deputación de Pontevedra no ámbito do proxecto 'Estratexia de cooperación intelixente do río transfronteirizo do Miño' Smart_Miño_cofinanciado polo Programa Interreg VA.

Trátase dunha iniciativa pioneira na fronteira ibérica para fomentar a mobilidade e sustentable que comezará a funcionar na primavera coa intención de extendela a outros concellos

O deputado subliñou que o servizo de bicis transfronteirizas ten un atractivo non soamente para a veciñanza galega e portuguesa, se non para as miles de persoas visitantes que percorren as vilas transfronteirizas e as sendas fluviais do

Miño, moi transitadas xa a día de hoxe por bicicletas, tal e como se comprobou na propia presentación. Lembrou que, de feito, ademais da mobilidade sustentable outro dos obxectivos estratéxicos do AECT é a promoción do territorio do rio Minho transfronteirizo e a súa marca Rio Minho para atraer máis turismo.

Benítez aproveitou para facerunha reflexión sobre os Fondos de Recuperación Económica da UE e destacou que o servizo que hoxe presentou o AECT encaixa na Estratexia 2030. “Estamos a facer as cousas cun horizonte e un obxectivo claro para desenvolver este territorio. Somos maduros para acceder aos fondos dos que se está a debater. Sabemos onde queremos ir e somos maiores de idade para desenvolver un Investimento Territorial Integrado no río Miño”, reivindicou.



No acto de presentación do piloto das bicis transfronteirizas

A presidenta da Deputación de Pontevedra, pola súa parte, agradeceu ao AECT Río Miño e ao mundo local, ás alcaldesas,

alcaldes e presidentes das cámaras das vilas portuguesas que participan na iniciativa, pola súa "creatividade" e por ser capaces "de poñer en marcha proxectos moi novidosos que responden ás demandas da Axenda 2030 e do novo mundo que temos que construír". Así, Carmela Silva subliñou que se trata dunha iniciativa "que nos sitúa como referencia das economías máis avanzadas e como modelo innovador ligado ásustentabilidade". Tamén destacou a presidenta a importancia deste programa piloto de bicis transfronteirizas ligado á mobilidade sostible "que sitúa a este territorio único, especial, con grandes valores culturais, históricos e medio ambientais, no centro dun grande proxecto que está a impulsar como se merece a esta zona".

A presidenta Carmela Silva e o deputado Uxío Benítez aproveitaron a presentación para reclamar Fondos Europeos de Recuperación Económica para o territorio do Miño

Amais a presidenta provincial aproveitou a ocasión para esixir "fondos europeos para o mundo local. Temos que ter a capacidade de xestionar recursos para proxectos coma este que se quedan no territorio e fan posible xerar economía". Neste eido, Carmela Silva reivindicou tamén que "os fondos europeos non estarán en melloresmans que no mundo local, onde cada proxectoxestionando é un éxito".

No acto de presentación, ademais dos representantes da Deputación estivo tamén o director do AECT Rio Minho e presidente da Cámara de Cerveira Fernando Nogueira, as alcaldesas de Tomiño e Salvaterra Sandra González e Marta Valcárcel, o alcalde de Tui Enrique Cabaleiro, así como os presidentes das cámaras de Valença e Monçao, xunto ao representante da empresa concesionaria Nuno Oliveira.

Uso a través dunha APP

O deputado Uxío Benítez explicou que nun primeiro momento haberá 42 bicis transfronteirizas repartidas en grupos de sete para cada concello das Eurocidades. Poderanse utilizar a través dunha APP virtual que permitirá o desbloqueo da bicicleta previo rexistro e utilizar esta tanto para recados da veciñanza como para circuítos de lecer. A vontade, indicou o nacionalista, é que despois do proxecto piloto, que comezará na primavera, se amplíe a iniciativa tanto en número de vehículos como en concellos implicados. Tamén anunciou que se solicitarán máis fondos europeos para vindeiras convocatorias do Interreg.

Cada bicicleta terá un sistema de localización GPS, polo que estará permanentemente localizada. As bases de recollida non disporán de ancoraxes físicas físicas, senón que haberá espazos (a decidir polos concellos) nos que estarán situadas para a súa utilización, podendo despois deixalas noutros espazos simplemente cancelando a sesión de uso na APP, co que as bicicletas quedarían bloqueadas.

A empresa encargada do subministro e mantemento inicial é Soltráfego, responsable do ‘bikesharing’ en Lisboa ou Porto.

O AECT Rio Minho bríndase para executar no Miño a estratexia común de desenvolvemento transfronteirizo aprobada no XXXI cumio ibérico España-Portugal

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial (AECT) Rio Minho vén de brindarse oficialmente para executar no territorio do Miño a Estratexia Común de Desenvolvemento Transfronteirizo España-Portugal que se aprobou o pasado sábado 10 de outubro no XXXI Cumio Ibérico bilateral entre os gobernos español e portugués. O deputado Uxío Benítez destacou as expectativas xeradas e indicou que é preciso "concretar os acordos e poñer en marcha un Plan de Acción que leve á práctica as iniciativas".

Para Benítez é fundamental que o AECT Rio Minho estea no debate sobre a concreción da Estratexia Común de Desenvolvemento Transfronteirizo, sendo considerada como unha axencia de desenvolvemento transfronteiriza, xa que no seu momento tamén presentou as súas achegas e contribucións. O deputado reivindicou o papel do AECT como protagonista e como unha institución fundamental para a eliminación dos chamados "custos de contexto" e da promoción da actuación conxunta entre un e outro lado da fronteira: "Isto aseguraría un diagnóstico máis certeiro ao mesmo tempo unha mellor formulación e xestión máis eficaz das estratexias territoriais de recuperación pos COVID-19", dixo.

O deputado Uxío Benítez agarda a concreción dos acordos e a posta en marcha do Plan de Acción

O nacionalista reclamou un Plan de Acción (non presentado aínda) que se debe elaborar a partir do cumio, e que "debe contar coa nosa voz e participación e ademais ter unha liña específica de apoio aos concellos de contacto entre países, xa que é neles onde se poden realizar as políticas de cooperación mais eficaces". Destacou que "é preciso ver como integrar as ideas, metas e obxectivos na Estratexia para poder optar aos fondos do Plan de Recuperación Económica e tamén aos Fondos do POCTEP".

Segundo lembrou o vicerresponsable do AECT, ademais, é preciso que seconsidere a especificidade do territorio fronteirizo de Galiza-Norte de Portugal (xa que a fronteira ibérica non é uniforme) e dentro desta, o territorio do tramo internacional do río Miño ten particularidades senlleiras.

En canto á recuperación socioeconómica da zona, subliñou que ten que xirar sobre varios eixos, como son a recuperación do impacto propio e específico da pandemia no ámbito da saúde e da prevención de casos de contaxios futuros; a recuperación no ámbito económico e social motivado pola paralización da actividade interna e dos fluxos transfronteirizos; e a recuperación da cooperación transfronteiriza en senso estrito, dado que a reaparición de novo das barreiras fronteirizas fixo retroceder o traballo práctico de cooperación e creación de cidadanía e identidade europea dos últimos 25 anos.

O AECT presentou contribucións centradas no territorio miñoto, entre elas a creación da tarxeta cidadá transfronteiriza

Así mesmo, fixo fincapé na necesidade dun Investimento Territorial Integrado (ITI) como un bon instrumento para utilizar nun horizonte pos pandemia no territorio do río Miño transfronteirizo. Explicou que o ITI é unha ferramenta contemplada na normativa comunitaria, mediante a cal se lles ofrece a posibilidade de reunir fondos europeos de xeito integrado e de xeito transversal, recorrendo ao financiamento de varios eixes prioritarios, xunto con fondos locais, rexionais ou estatais, provocando un mellor resultado coa mesma cantidade de investimento público.

Benítez lembrou que o AECT Rio Minho lanzou a idea de poñer en funcionamento unha 'Tarxeta Cidadá Transfronteiriza' que serviría de base para o desenvolvemento dun programa piloto para simplificar a vida das persoas na fronteira, en particular para as persoas traballadoras transfronteirizas. Na estratexia, entre outras cuestións, recóllese a necesidade de reforzar e fomentar a figura do traballador transfronteirizo a través da creación dun documento específico, así como de identificar as "discriminacións indirectas sentidas (…) garantindo os dereitos derivados da libre circulación de traballadores", cuestión que se puxo de manifesta durante o peche de fronteiras pola COVID-19.

O AECT Rio Minho participa este sábado na presentación

da Estratexia de Desenvolvemento Transfronteirizo España-Portugal

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial (AECT) Rio Minho estará hoxe sábado presente na presentación da Estratexia de Desenvolvemento Transfronteirizo España-Portugal que se realizará en Guarda (Portugal). O documento, que será aprobado no XXXI Cumio Ibérico bilateral entre os gobernos español e portugués e servirá de orientación para os novos fondos de Cooperación Transfronteiriza, será fundamental para a concreción de medidas de desenvolvemento do territorio do Miño, polo que as expectativas, en palabras do responsable do AECT e deputado Uxío Benítez, é que sexa "un verdadeiro punto de inflexión" para mellorar a fronteira.

Benítez amosou a súa confianza en que "haxa un plan real e efectivo para territorios transfronteirizos" e que, ao remate do Cumio Ibérico, "comecen a crearse os mecanismos legais e técnicos para a súa implementación". Subliñou, de feito, que os cumios non deben ser simples etapas expositivas de problemas xerais en Portugal e España, senón puntos de encontro para "a toma de decisións cunha intervención perspicaz na realidade dos territorios, en particular os da fronteira".

O documento, que servirá de orientación para os novos fondos europeos aos que optará o territorio do Miño, aprobarase hoxe no XXXI Cumio Ibérico

Segundo destacou o deputado nacionalista na presentación da Estratexia de Desenvolvemento Transfronteirizo, os gobernos de Portugal e España teñen que mirar a realidade transfronteiriza dun xeito integrado, próximo e verdadeiro, xa que a auténtica dinámica entre os pobos veciños de Portugal e España "síntese e vívese todos os días nos territorios fronteirizos, e non é en Lisboa nin en Madrid".

A AECT Rio Minho, lembrou o deputado, realizou a súa parte de traballo que pasou pola identificación de bloqueos burocráticos e necesidades diarias, procedendo á súa recompilación nun Plan Estratéxico ben estruturado. "Agora necesitamos decisións", subliñou.

Neste sentido, Benítez lembrou que o AECT Rio Minho lanzou a idea de poñer en funcionamento unha 'Tarxeta Cidadá Transfronteiriza' que serviría de base para o desenvolvemento dun programa piloto para simplificar a vida das persoas na fronteira, en particular para as persoas traballadoras transfronteirizas. Hai que lembrar que durante o estado de alarma, dende o 17 de marzo, estas viron como se pechaban as fronteiras e se dificultaba o paso dun a outro lado da 'raia' por un único paso, o de Tui, obrigando a dar rodeos de centos de quilómetros.

Entre as reclamacións miñotas: o reforzo do financiamento, a creación da tarxeta cidadá transfronteiriza, unha ITI para xestionar fondos e o Plan de Mobilidade Sustentable

Outro dos fitos do AECT é a aprobación dunha ITI (Intervención Territorial Integrada) cunha dimensión transfronteiriza, que permita coordinar os fondos de diferentes administracións no territorio do Miño para desenvolver de maneira máis efectiva a o Plan Estratéxico para a zona. Tamén lembrou o Plan de

Mobilidade Sustentable da fronteira do Río Miño, enfocado a flexibilizar as viaxes entre as eurocidades deste territorio, unha acción piloto que posteriormente podería replicarse noutros lugares.

“Estas son algunhas das accións que se poden e deben levar a cabo, xa que teñen un impacto directo e positivo na vida diaria das poboacións da raia. E logo, por suposto, non debemos esquecer a necesidade de reforzar o financiamento destas fronteiras onde, desde hai máis dunha década, os gobernos de Portugal e España non realizan investimentos estruturais”, destacou o deputado.

Lembrou que hai fondos europeos dedicados á cooperación transfronteiriza que a miúdo non chegan aos beneficiarios reais. “Estes concellos transfronteirizos que traballan xuntos a diario deben ser tidos en conta e ser un exemplo a seguir polos dous gobernos”, finalizou.